

Informe sobre aclaración sobre a cualificación urbanística das áreas especiais PE das NSP de Val do Dubra (Concello de Val do Dubra – Expediente XCP-23/062)

ANTECEDENTES

ÚNICO.- O 30.10.2023 tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia (núm. 2023/2904114) oficio do alcalde de Val do Dubra no que solicita informe da Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a seguinte cuestión:

“[...]”

As NSM clasifican solo non urbanizable de núcleo rural de poboación e solo non urbanizable de resto de núcleo rural de poboación. No Título V regulan a ordenanza de solo non urbanizable de núcleos rurais, áreas NR e NT. Nos planos a escala 1/10000 e 1/5000 recollen áreas NR e NT, non obstante, tamén recollen outras áreas especiais, áreas PE (solo non urbanizable de protección especial cemiterios). É dicir, nos planos recollen áreas especiais que nas ordenanzas non se regulan. Trátase de áreas entorno aos cemiterios existentes nos núcleos. Identifican o equipamento cemiterio. Non obstante, as áreas esténdense amplamente fóra da parcela do equipamento, sobre parcelas edificadas con vivenda, doutros usos ou parcelas urbanisticamente independentes separadas por vías públicas. As NSM recollen xustificación de estándares de equipamentos nun anexo estudio xustificativo das previsións. Detállase cada equipamento cemiterio e compútase a súa superficie existente.

Nos planos as áreas extendéense amplamente fóra da superficie existente de equipamento, incluso sobre parcelas de uso residencial existente, nas ordenanzas non se regula especificamente e na xustificación de estándares de equipamentos compútase a superficie existente de equipamento.

[...]”

Por medio do presente quérese formular a seguinte cuestión;

¿Nas parcelas fóra da superficie existente de equipamento incluídas en PE nos planos de núcleos pódense outorgar licenzas para uso residencial característico nos núcleos en novas vivendas unifamiliares cumprindo ordenanza NR, NT ou complementariamente a ordenanza reguladora de solo de núcleo rural que corresponda do PBA?.”

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- Segundo o disposto no artigo 2.1.b) do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, polo que se crea e regula a Xunta Consultiva en Materia de Ordenación do Territorio e Urbanismo, correspóndelle a este órgano consultivo a emisión de informes sobre a aplicación e interpretación da normativa vixente en materia de ordenación do territorio e urbanismo que sometan á súa consideración as entidades que figuran no seu artigo 15, entre as que se atopan as entidades locais de Galicia.



SEGUNDA.- O Concello de Val do Dubra conta con Normas subsidiarias de planeamento municipal (NSP) aprobadas definitivamente o 15.04.1997 (*Diario Oficial de Galicia* núm. 123, do 27.06.1997 e *Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 117, do 24.06.1997), que foron obxecto dunha corrección de erros aprobada definitivamente o 10.03.2005 (*Boletín Oficial da Provincia da Coruña* núm. 79, do 09.04.2005)

Estas NSP están sometidas ao réxime establecido na disposición transitoria primeira núm. 2 da *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia* (en adiante, LSG), relativa ao réxime aplicable aos municipios con planeamento non adaptado e aos municipios sen planeamento, e, en consecuencia, conservarán a súa vixencia ata a súa revisión ou adaptación a ela, consonte as seguintes regras previstas na propia disposición:

"[...]

c) *Ao solo incluído no ámbito dos núcleos rurais ou nas delimitacións de solo non urbanizable de núcleo rural, nas súas áreas de influencia ou tolerancia, aplicaráselle integramente o disposto no planeamento respectivo, agás no que se refire ás edificacións tradicionais existentes, ás que será aplicable o previsto no artigo 40 desta lei.*

d) *Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo rústico".*

A letra c) da referida disposición transitoria é puntualizada polo apartado 1 da disposición transitoria segunda do Regulamento da LSG, aprobado polo Decreto 143/2016, do 22 de setembro (no sucesivo, RLSG), ao indicar que *"enténdese que resultan de aplicación neste caso as maiores limitacións que se regulen no planeamento respectivo, referidas aos parámetros urbanísticos ou posibilidades de utilización, sen prexuízo do réxime xurídico xeral do solo de núcleo rural, que será, en todo caso, o establecido nos artigos 36 a 40".*

TERCERA.- O Título IV da normativa das NSP, relativo á clasificación e réxime xurídico do solo, clasifica o solo do termo municipal en urbano, apto para urbanizar e non urbanizable.

Respecto desta última clasificación, a Ordenanza reguladora do solo non urbanizable establece a seguinte subdivisión en áreas, que corresponden a regulacións diferenciadas:

"I-Solos non urbanizables de protección específica.

P.H.- S.N.U. de protección do patrimonio.

P.F.- S.N.U. de protección de ribeiras e canles fluviais.

M.E.- S.N.U. de protección de masas forestáis.

S.A.- S.N.U. de protección da parcelación agropecuaria.

II-Solos non urbanizables non protexidos:

S.N.U. de núcleos rurais de poboación (áreas N.R. e N.T.)


N. U - S.N.U. común. [...]"



Tal e como se expón na consulta municipal, na lenda de diferentes series de planos de ordenación das NSP de Val do Dubra identifícase unha ordenanza especial que responde ao código PE.- "S.N.U. PROTECCIÓN ESPECIAL DE CEMITERIOS":

LEYENDA	ORDENANZAS S. U.	ORDENANZAS S.N.U.	ORDENACION DE SIST.
<p>----- LIMITE DE NUCLEO URBANO EXISTENTE</p> <p>----- LIMITE DE NUCLEO RURAL EXISTENTE</p> <p>----- LIMITE DE ORDENANZA</p> <p>----- LIMITE DE S.A.U.</p> <p>OOOO LIMITE DE POLIGONOS Y U.A.</p> <p>---+--- ALINEACIONES DE LA RED VIARIA.</p> <p>●●●● AMBITO DE ZONA DE LIMITACION DE ALTURAS. RADAR ESPIREIRA</p> <p>UA-1 UNIDAD DE ACTUACION Nº</p>	<p>RD S. U. RESIDENCIAL DENSO. (E.C.) NIVEL 1- EDIFICACION ABIERTA</p> <p>MD S. U. RESIDENCIAL DE MEDIA DENSIDAD.</p> <p>IL S. U. DE INDUSTRIA Y ALMACEN</p> <p>NR S.N.U. DE NUCLEO RURAL DE POBLACION.</p> <p>CJ S. U. DE CIUDAD JARDIN.</p>	<p>NU SUELO NO URBANIZABLE DE REGIMEN NORMAL.</p> <p>NT S.N.U. DE RESTO DE NUCLEO RURAL DE POBLACION</p> <p>MF S.N.U. DE PROTECCION DE MASAS ARBOREAS.</p> <p>SA S.N.U. PROTECCION DE PARCELACIONES AGROPECUARIAS</p> <p>PF SUELO NO URBANIZABLE DE PROTECCION DE RIBERAS Y CAUCES.</p>	<p>E SISTEMA DE EQUIPAMIENTOS Y DOTACIONES.</p> <p>ZV SISTEMA DE ESPACIOS LIBRES Y ZONAS VERDES.</p> <p>ORDENANZAS ESPEC.</p> <p>PH ZONA DE PROTECCION DE CASTROS Y PATRIMONIOS.</p> <p>PE S.N.U. PROTECCION ESPECIAL CEMENTERIOS</p>

Cuxo tramado, como pode observarse, superponse ás distintas ordenanzas de solo non urbanizable:



Porén, a normativa urbanística das NSP non contén ningunha ordenanza específica de solo non urbanizable de protección especial de cemiterios.

Por outra banda, os cemiterios, segundo o Título V da normativa (Ordenación de sistemas), constitúen un equipamento técnico – administrativo e de servizos dentro do sistema de equipamentos e dotacións.

CUARTA.- Exposto o anterior, a consulta municipal céntrase en determinar o posible efecto determinativo da codificación PE representada en distintos planos de ordenación das NSP e para resolver a cuestión cabe reparar no seguinte:

-Por unha banda, a normativa das NSP incorpora un Anexo denominado "Estudo xustificativo das previsión relativas a zonas verdes, áreas libres, e equipamentos comunitarios" que inclúe o estudo xustificativo das previsións referentes a zonas verdes, áreas libres e equipamentos comunitarios, de acordo coas determinacións establecidas no artigo 41 das Normas subsidiarias e complementarias de planeamento provincial nese momento vixentes.

Con ese obxecto, o citado anexo incorpora unha relación das dotacións clasificadas e da súa superficie, que inclúe os dezaseis equipamentos destinados a cemiterios (ER-EC_1 a ER-EC_16) que teñen correspondencia nos planos coa numeración dos equipamentos suxeitos a ordenanza especial PE.



Todas superficies consignadas no listado da normativa son anormalmente inferiores ás dimensións delimitadas na trama gráfica.

Logo, resulta evidente que o dito tramado non ten equivalencia unívoca coa cualificación dotacional do solo, senón que representa un entorno de afección derivado do uso concreto do equipamento.

-E, por outra parte, o apartado 4 "Regulación de usos" das Normas de uso dispón que os "Usos non regulados especificamente polas ordenanzas urbanísticas" "Comprende aqueles usos que contan con regulamentos propios, específicos, sobor os que non se fai necesario regulamento particular urbanístico que os complemente, tal como os referentes á Defensa Nacional, Aeroportos, Estradas, Cemiterios, etc. En calquera destes usos, ademais da normativa que afecta directamente ó uso, no seu sentido interno, acataranse as distancias de seguridade, protección, servidumes e condicionamentos que obrigan exteriormente, quedando subordinadas a tal cumprimento cantas determinacións urbanísticas estean dadas con carácter xeral".

QUINTA.- Do anteriormente exposto se infire que o tramado dos planos de ordenación das NSP de Val do Dubra identificado baixo o código PE.- "S.N.U PROTECCIÓN ESPECIAL DE CEMITERIOS" non representa unha cualificación dotacional pública, que o uso de cemiterio non está regulado especificamente no planeamento municipal e que este último non establece condicionantes ou limitacións de uso nos contornos de afección delimitados na serie gráfica.

Así as cousas, tal e como se expuxo na consideración xurídica segunda, nas áreas NR e NT de solo non urbanizable de núcleos rurais de poboación opera o réxime de vixencia previsto na disposición transitoria primeira da LSG para o solo non urbanizable de núcleos rurais.

En calquera caso, cómpre advertir que as anteriores consideracións xurídicas anteriores se cinguen estritamente á interpretación da normativa urbanística, toda vez que non é competencia deste órgano consultivo pronunciarse sobre o cumprimento da normativa sectorial de aplicación en materia de policía sanitaria mortuoria.

CONCLUSIÓN

1. O tramado dos planos de ordenación das NSP de Val do Dubra identificado baixo o código PE.- "S.N.U PROTECCIÓN ESPECIAL DE CEMITERIOS" carece de efecto normativo xa que non ten correspondencia con ningunha determinación da normativa urbanística das NSP.

2. Nas áreas NR e NT, de solo non urbanizable de núcleos rurais de poboación opera o réxime de vixencia da disposición transitoria primeira da LSG para o solo non urbanizable de núcleos rurais, sendo susceptible de implantar o uso residencial característico sempre que resulte compatible coa normativa sectorial de aplicación.

O que se informa aos efectos oportunos, facendo constar a imposibilidade de resolver por vía de informe cuestións relativas a expedientes urbanísticos concretos de competencia municipal e que, de conformidade co disposto no artigo 16 do Decreto 36/2022, do 10 de marzo, este informe non é vinculante, pero ten carácter interpretativo da norma ou situación obxecto de exame e aplicación.

